

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “SOLICITUDE GAITEIROS POLAS PARROQUIAS”

Expte. TEDEC: 2022/D001/000009

1. OBXECTO

Gaiteiros polas parroquias é unha actuación promovida pola Concellería de Cultura, co fin de promocionar a cultura e o folclore popular a través das festas parroquiais.

2. DATAS

Poderanse solicitar os gaiteiros para o ano 2023, ata o 15 de decembro de 2023.

3. QUEN PODE PARTICIPAR:

Poden participar todas aquelas asociacións de veciños con sede no Concello da Baña.

4. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Deberán presentarse as solicitudes 15 días antes da celebración da festa, a través da solicitude xeral que aparece na sede electrónica do concello da Baña, de forma presencial ou telemática no rexistro do Concello da Baña.

Na solicitude constará a data pola que se solicita a actuación, sendo asignada a cada asociación unha única actuación anual. As actuacións serán asignadas por estrita orde de presentación de solicitudes, sendo un total de 8 actuacións as dispoñibles para as asociacións ao longo do ano.

5. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

1. Orde de presentación no rexistro.
2. Solicitude de data que non estea asinada, sempre e cando estea a disposición por parte do grupo de gaiteiros que van realizar a actuación.

Os gaiteiros levarán a cabo a súa actuación durante a misa, procesión e sesión vermú; o pasarrúas ou alborada contemplase como unha contratación á parte e directamente cos gaiteiros.

6. DEREITOS E OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

1. As asociacións **non** poderán modificar a data asinada.
2. O lugar e duración da actuación será acordado previamente co responsable do grupo de gaiteiros e non poderá ser modificado.

3. Se por condicións meteorolóxicas adversas non se puidera levar a cabo a actuación no exterior, a actuación quedará suspendida a non ser que se lle proporcione un lugar cuberto para o seu desenvolvemento.
4. A actuación é totalmente gratuíta, polo que será necesario, como agradecemento, convidar os gaiteiros a uns refrixerios, como mínimo.
5. As asociacións deberán poñer unha persoa como contacto que deberá estar na hora e lugar acordados entre as partes para a súa coordinación.

7. CLÁUSULAS DE PROTECCIÓN DE DATOS

a) Responsable do tratamento	<p>CONCELLO DA BAÑA NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellodabana.gal</p>
b) Finalidade do tratamento	Xestión das actividades culturais organizadas ou promovidas polo CONCELLO DA BAÑA.
c) Lexitimación	<p>Artigo 6.1.c) RGPD o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. <p>Artigo 6.1.e) RXPD o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ó responsable do tratamento.</p> <p>En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPD: consentimento das persoas afectadas.</p>
d) Categoría de interesados	Persoas e entidades participantes nas actividades culturais organizadas ou promovidas polo CONCELLO DA BAÑA.
e) Categoría de datos	-Datos identificadores: Nome e apelidos, NIF, Dirección postal, Teléfono, Imaxe, Correo electrónico, Sinatura. Número de conta
f) Destinatarios	Outras Administracións Públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen da xestión de actividades culturais e que terán a consideración de encargado de tratamento.
g) Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
h) Prazos de conservación	Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fines de arquivo de interese público, fines de investigación científica e histórica ou fines estatísticos.
i) Medidas de seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica (ENS).

8. RÉXIME DE RECURSOS

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa poderá interpoñerse alternativamente RECURSO DE REPOSICIÓN potestativo ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optásese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que o interesado poida interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.